

# MANUAL DE FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. LEGISLACIÓN E ÉTICA





# **MANUAL DE FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. LEGISLACIÓN E ÉTICA**

XUNTA DE GALICIA  
Consellería do Medio Rural e do Mar  
Santiago de Compostela  
2014

**Coordinación:**

Jesús Cantalapiedra Álvarez. XUGA  
José Luis Puerta Villegas. XUGA  
Isabel Blanco Penedo. IRTA  
Mercedes Camiña García. USC  
María del Mar Yllera Fernández. USC  
Alba García Golmar. ANCARIA SL

**Autores:**

Alba García Golmar. ANCARIA SL  
Jesús Cantalapiedra Álvarez. XUGA  
José Luis Puerta Villegas. XUGA  
Mercedes Camiña García. USC  
Isabel Blanco Penedo. IRTA  
María del Mar Yllera Fernández. USC  
Jesús Javier Orejas Fernández. XUGA  
Mario Vargas Romella. UA, ESC  
José Manuel Lorenzo Rodríguez. CETECA  
Juan Velasquez Pereira. OIRSA

**Edita:** Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar

**Ano:** 2014

1. **A primeira referencia normativa de defensa dos animais data do século:**

- a. XVI
- b. XVII
- c. XVIII
- d. XIX

2. **A declaración universal dos dereitos dos animais é do ano:**

- a. 1979
- b. 1980
- c. 1974
- d. 1978

3. **Na actualidade podemos afirmar que a entidade coñecida como OIE:**

- a. É a Organización Mundial de Sanidade Animal
- b. É a Organización Internacional de Epizootias
- c. Ten a súa sede en París
- d. Son correctas as respostas “a” e “c”.

4. **O BA incorporouse como prioridade no plan estratéxico da OIE para o período:**

- a. 2000–2006
- b. 1995–1996
- c. 2002–2003
- d. 2001–2005

5. **O BA introduciuse como materia no código sanitario dos animais terrestres da OIE dende o ano:**

- a. 2003
- b. 2009
- c. 2004
- d. 2005

**6. O principio dos tres “erres” de Burch e Russell comprende:**

- a. As normas que se deben aplicar na utilización dos animais pola ciencia
- b. Reeducación, reestruturación e rehabilitación
- c. Refinamento, redución e reemprazo
- d. Son correctas as respostas “a” e “c”.

**7. O principio das 5 liberdades da FAWC é do ano:**

- a. 1992
- b. 1993
- c. 1994
- d. 1995

**8. Respecto do código sanitario para os animais terrestres podemos afirmar que:**

- a. Inclúe 6 directivas sobre o BA
- b. A versión máis moderna é a 19ª do ano 2010
- c. Foi aprobado pola sesión xeral da OIE
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**9. En relación co BA e ata a data de hoxe (2014), o Consello de Europa aprobou:**

- a. 5 convenios básicos e 12 recomendacións
- b. 4 convenios básicos e 12 recomendacións
- c. 3 convenios básicos e 10 recomendacións
- d. 6 convenios básicos e 10 recomendacións

**10. O proxecto máis importante de avaliación do BA na UE ata o momento é o:**

- a. WELFARE QUALITY
- b. AHAW
- c. COST
- d. EFSA

11. **As siglas polas que se coñece o panel sobre saúde e benestar animal da EFSA (Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria) son:**

- a. Panel AMAW
- b. Panel AHAW
- c. Panel ARCH
- d. Panel ARS

12. **O proxecto europeo de investigación sobre as preocupacións dos consumidores en relación ao benestar animal e o seu impacto sobre a selección de alimentos denomínase:**

- a. TRUST
- b. CONSENSUS
- c. CODE-EfabAR
- d. FAIR CT 98-3678

13. **O proxecto europeo de investigación sobre as implicacións no benestar dos cambios nos sistemas de produción das galiñas poñedoras denomínase:**

- a. LAYWEL
- b. TRUST
- c. WEALTH
- d. ETHIQUAL

14. **O proxecto europeo de investigación que relaciona o benestar animal co transporte e a calidade da carne denomínase:**

- a. COST 846
- b. CATRA
- c. FAIR
- d. TRUST

15. O proxecto europeo de investigación en benestar animal durante o sacrificio denomínase:

- a. DIALREL
- b. AGRINET
- c. ECOW WELFARE
- d. WELFARE QUALITY

16. O proxecto europeo de investigación en benestar animal no gando vacún de leite ecolóxico denomínase:

- a. IMPRO
- b. DIALREL
- c. WELFARE COW
- d. ECOLOGIC

17. En España a norma legal relativa ao coidado dos animais nunha explotación, transporte, experimentación e sacrificio é a:

- a. Lei 32/2007
- b. Lei 15/2003
- c. Lei 53/2007
- d. Lei 60/2003

18. O Código penal español cita o abandono dos animais domésticos no seu artigo:

- a. 632.2
- b. 633.2
- c. 631.2
- d. 630.2



19. **A disposición pola que se crea o Comité especial de benestar e protección dos animais de produción en España é o:**

- a. RD 752/2006
- b. RD 751/2008
- c. RD 751/2009
- d. RD 751/2006

20. **As infraccións clasifícanse en:**

- a. Graves, moi graves e graves
- b. Apercibimentos e sancións pecuniarias
- c. Graves, leves e moi leves
- d. Moi graves, graves e leves.

21. **Tipifícase como infracción “moi grave” respecto á protección animal:**

- a. O sacrificio de animais en espectáculos públicos
- b. Realizar mutilacións non permitidas aos animais
- c. Realizar actividades sen autorización administrativa ou a inscrición esixible
- d. Abandonar un animal.

22. **Incumprir a obriga de atordamento previo nun sacrificio segundo un rito relixioso considérase:**

- a. Falta grave
- b. Falta moi grave
- c. Falta leve
- d. Non se considera infracción.

23. **Cal das seguintes actividades non está exceptuada do ámbito de aplicación da Lei 32/2007:**

- a. A caza menor
- b. A caza maior
- c. As corridas de touros
- d. O transporte comercial de animais de compañía.

24. **Nunha infracción grave, a contía económica da multa pode oscilar entre:**

- a. 301 e 600 €
- b. 601 e 6.000 €
- c. 6.001 e 10.000 €
- d. 501 e 1.000 €

25. **En España a Lei de sanidade animal é a:**

- a. Lei 8/2005
- b. Lei 8/2003
- c. Lei 8/2004
- d. Lei 8/2007

26. **Son obrigas dos particulares, os propietarios ou responsables dos animais:**

- a. Ter debidamente identificados os animais
- b. Manter os animais en bo estado sanitario
- c. Aplicar as medidas sanitarias obrigatorias como vacinacións e controis serolóxicos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

27. **Un transportista, segundo a Lei de sanidade animal, ten obriga de levar no transporte:**

- a. Un rexistro de actividades onde se reflectirán os desprazamentos realizados
- b. Un libro de tratamentos
- c. Un sistema de contención dos animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

28. **A Lei de sanidade animal establece que:**

- a. Un vehículo que descargue animais no matadoiro terá que saír deste necesariamente baleiro, limpo e desinfectado
- b. Os matadoiros deberán dispoñer nas súas instalacións dun centro de limpeza e desinfección de vehículos de transporte de animais
- c. As respostas “a” e “b” son correctas
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**29. É necesario o certificado sanitario de orixe:**

- a. Para o movemento de animais domésticos
- b. Cando se trasladan animais de produción dunha explotación a outra do mesmo titular situada no mesmo termo municipal
- c. Sempre que se transporten animais con destino a un matadoiro ou un centro de concentración
- d. Soamente para o movemento de animais, pero nunca para o movemento de óvulos, seme ou embrións.

**30. A Lei de sanidade animal califica como infraccións graves cunha multa de 3.001 a 60.000 euros:**

- a. A falta de desinfección, desinsectación e cantas medidas sanitarias se establezan regulamentariamente para explotacións e medios de transporte de animais
- b. A falta de identificación dos animais transportados, nos casos en que a identificación sexa obrigatoria, ata un 10 por cento da partida, ou a non correspondencia do número dos animais transportados co sinalado na documentación sanitaria de traslado
- c. O abandono de animais, dos seus cadáveres ou de produtos ou materias primas que entrañen un risco sanitario para a sanidade animal, para a saúde pública ou contaminen o medio cando non sexa considerado falta moi grave.
- d. As respostas “a” e “c” son correctas.

**31. A normativa básica da UE relativa á protección de animais durante o transporte e operacións conexas é o:**

- a. Regulamento n.º 1/2005
- b. Regulamento n.º 639/2003
- c. Regulamento n.º 1255/97
- d. Regulamento n.º 1099/2009

**32. Cal dos seguintes animais é apto para o transporte:**

- a. Un animal con prolapso
- b. Unha femia preñada nun 80% da súa xestación
- c. Un leitón de 2 semanas de vida para un transporte de 150 km de distancia
- d. Ningún dos animais pode ser transportado.

**33. Considéranse viaxes longas:**

- a. Aquelas cuxa duración supere as oito horas dende o lugar en que se carga o último animal da partida ata que se descarga o primeiro
- b. Aquelas cuxa duración supere as oito horas dende o lugar en que se carga o primeiro animal da partida ata que se descarga o último
- c. Excepcionalmente as viaxes dunha duración de ata doce horas incluíndo a carga e a descarga
- d. As respostas “b” e “c” son correctas.

**34. Para as viaxes longas non é obrigatorio:**

- a. Dispoñer dun caderno de a bordo ou folla de ruta para viaxes entre os Estados membros de équidos rexistrados
- b. Dispoñer de plans de continxencia para emerxencias
- c. Dispoñer de equipamento para a subministración de auga
- d. Dispoñer dun sistema para o control de temperatura con alarma.

**35. O sistema de ventilación forzada nos vehículos para viaxes longas terá unha autonomía de funcionamento de:**

- a. 4 horas como mínimo sen depender do motor do vehículo
- b. 5 horas como mínimo sen depender do motor do vehículo
- c. 6 horas como mínimo sen depender do motor do vehículo
- d. 7 horas como mínimo sen depender do motor do vehículo.

**36. Que requisitos adicionais necesitan os vehículos de transporte para viaxes longas:**

- a. Teito de cor clara
- b. Transporte de penso en cantidade abondo
- c. Tanques de auga con capacidade polo menos 1,5% de carga útil máxima
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

37. **Un transportista de gando pode conducir de forma continua sen facer descansos:**

- a. O mesmo tempo que se lles permita aos animais que transporta
- b. 24 horas máximo
- c. 12 horas mínimo
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

38. **A norma que regula a autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais en España é o:**

- a. RD 751/2006
- b. RD 752/2006
- c. RD 751/2000
- d. RD 75/2006

39. **O rexistro xeral de transportistas, contedores e medios de transporte de animais a nivel nacional é o:**

- a. SIRENTRA
- b. SIMOGAN
- c. SIMOPORC
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

40. **Non é obrigatoria a autorización e o rexistro para:**

- a. Os contedores e medios de transporte de cans e gatos cando o transporte se realice en relación cunha actividade lucrativa
- b. Os contedores utilizados para équidos de produción ou animais de produción das especies bovina, ovina, caprina, porcina e animais da acuicultura
- c. Os medios de transporte e contedores propiedade dos gandeiros e que sexan utilizados por estes para transportar os seus propios animais a unha distancia da súa explotación inferior a 50 km
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

41. **As autorizacións que conceden as autoridades competentes para vehículos e transportistas teñen unha validez de:**

- a. 6 anos
- b. 5 anos
- c. 2 anos
- d. Indefinida.

42. **O transportista será responsable de que se leven a bordo de cada contedor ou medio de transporte:**

- a. Unha copia da autorización do transportista e a autorización do contedor ou medio de transporte
- b. Unha copia do certificado de formación en materia de benestar animal
- c. O rexistro de actividade debidamente cuberto
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

43. **A norma sobre as condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro é o:**

- a. RD 1041/1997
- b. RD 1559/2005
- c. RD 1541/1999
- d. RD1041/2005

44. **A normativa relativa á limpeza e desinfección non inclúe os vehículos dedicados ao transporte por estrada de:**

- a. Produtos para a alimentación animal e subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano
- b. Animais de produción
- c. Cans de caninea, vendas de animais ou manda de cans
- d. Colmeas de abellas, os moluscos e os crustáceos.

**45. Para rexistrarse os centros de limpeza e desinfección:**

- a. Cumprirán a normativa vixente
- b. Estarán autorizados pola autoridade competente
- c. Nunca poderán autorizarse nunha ADS
- d. Son correctas as respostas “a” e ”b”.

**46. A limpeza e desinfección do vehículo de transporte nos movementos de gando:**

- a. Deberá realizarse no centro autorizado máis próximo ao lugar onde se realizou a descarga dos animais transportados
- b. Non será obrigatoria nos movementos de gando nos que non sexa esixible a certificación oficial de movemento.
- c. Quedará xustificada mediante emisión do certificado ou talón de desinfección
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**47. O Regulamento (CE) n.º 1099/2009 relativo á protección dos animais no momento da matanza:**

- a. Aplicarase a partir do 01/01/2013
- b. Prevé que ata 2015 os EEMM poidan expedir certificados de competencia ao persoal con experiencia
- c. Aplicarase a partir do 01/01/2015
- d. Son correctas as respostas “a” e “ b”.

**48. En España a disposición actualmente vixente relativa á protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza é o:**

- a. RD 54/1995
- b. RD 37/1996
- c. RD 54/2014
- d. RD 37/2014

49. **O Real decreto 361/2009 establece que se enviará a información da cadea alimentaria ao matadoiro:**

- a. Polo menos 24 horas antes da chegada dos animais
- b. Que incluíra información dos animais sometidos a tratamento nos últimos 30 días
- c. Onde consten especie, número e idade aproximada dos animais e cualificación ou estatus sanitario da explotación
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

50. **A norma Europea que establece as normas relativas aos controis oficiais dos produtos animais destinados ao consumo humano é o:**

- a. Regulamento (CE) n.º 852/2004
- b. Regulamento (CE) n.º 853/2004
- c. Regulamento (CE) n.º 854/2004
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

51. **A normativa Europea sobre a protección dos animais durante o sacrificio non se aplica no caso de:**

- a. Actividades de caza e pesca recreativa
- b. Acontecementos culturais ou deportivos
- c. Aves de curral, coellos e lebres sacrificados polo seu dono para o seu consumo doméstico privado
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

52. **Deberán contar con encargado de benestar os matadoiros que sacrifiquen:**

- a. Menos de 1.000 unidades de gando mamífero por ano
- b. Máis de 1.000 unidades de gando mamífero por ano
- c. Menos de 150.000 unidades de aves ou coellos por ano
- d. As respostas "a" e "c" son correctas.



**53. Os operarios da cadea de sacrificio poderán obter o certificado de competencia por procedemento simplificado ata 2015, sempre que acrediten unha experiencia profesional de:**

- a. 5 anos
- b. 3 anos
- c. 9 meses
- d. 1 ano.

**54. A autoridade competente poderá expedir un certificado de competencia provisional:**

- a. Se o operario se compromete a facer un curso no prazo dun ano
- b. Se o solicitante está inscrito nun curso de formación
- c. Se o solicitante traballa supervisado por outro operario que conte cun certificado de competencia
- d. As respostas “b” e “c” son correctas.

**55. Sinale cal das seguintes operacións non require que o persoal encargado dispoña de certificado de competencia:**

- a. Atordamento e avaliación da efectividade deste
- b. Manexo, coidado e suxeición dos animais para atordalos ou matalos
- c. Sacrificio por ritos relixiosos
- d. Evisceración, esfolamento e despezamento.

**56. En canto ao atordamento durante o sacrificio:**

- a. Deberanse levar a cabo controis da eficacia do atordado
- b. Realizárase antes da matanza para producir a perda de consciencia e sensibilidade
- c. Non é de obrigado cumprimento nos ritos relixiosos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

57. **O termo sacrificio aplícase especificamente á morte producida:**

- a. Por sangrado
- b. Por percusión
- c. De acordo con determinados ritos relixiosos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

58. **A normativa Europea relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras é a:**

- a. Directiva 98/58/CE
- b. Directiva 100/58/CE
- c. Directiva 888/508/CE
- d. Directiva 980/508/CE

59. **En España a disposición relativa á protección dos animais nas explotacións é o:**

- a. RD 348/2001
- b. RD 348/2000
- c. RD 348/2002
- d. RD 348/2003

60. **Os gandeiros deberán sistematicamente:**

- a. Anotar os animais mortos
- b. Anotar os medicamentos veterinarios usados
- c. Manter os rexistros anteriores polo menos 3 anos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

61. **A normativa de benestar animal relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras aplícase a:**

- a. Animais de laboratorio
- b. Animais invertebrados
- c. Animais que viven no seu medio natural
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**62. Un propietario ou criador no BA defínese como:**

- a. Calquera persoa física que sexa responsable ou estea ao cargo dos animais
- b. Calquera persoa xurídica que sexa responsable ou estea ao cargo dos animais
- c. A autoridade competente local
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

**63. Son obrigas dos propietarios ou criadores cara aos animais:**

- a. Garantir na medida do posible que non sufran dor nin sufrimento
- b. Asegurar na medida do posible o benestar dos animais
- c. Asegurar as súas necesidades etolóxicas e físicas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**64. O termo “animal” en benestar animal engloba todo animal criado ou mantido para a produción de alimentos, la, coiro, peles ou con outros fins agrícolas, incluíndo a:**

- a. Peixes
- b. Réptiles
- c. Anfibios
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**65. O persoal que coida os animais debería:**

- a. Ser suficiente en número
- b. Posuír capacidade e coñecemento
- c. Posuír competencia profesional
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**66. Nas inspeccións ou controis que vai efectuar o propietario ou criador:**

- a. Se os animais se atopan nos criadeiros serán inspeccionados polo menos unha vez ao día
- b. Inspeccionaranse mediante unha iluminación axeitada (fixa ou móbil)
- c. Se un animal está ferido recibirá atención e tratamento inmediato
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**67. O propietario ou criador levará unha constancia documental:**

- a. Dos tratamentos médicos aplicados
- b. Do número de animais mortos
- c. Conservará estes rexistros polo menos 3 anos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**68. Nos edificios e cortes onde se aloxen os animais:**

- a. A circulación de aire e o nivel de po non serán prexudiciais
- b. A temperatura e a humidade relativa do aire non serán prexudiciais
- c. A concentración de gases non será prexudicial
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**69. Para os animais mantidos ao aire libre en relación co benestar animal:**

- a. Serán protexidos contra as inclemencias do tempo
- b. Protexeranse contra mosquitos, cans e depredadores
- c. Desparasitaranse contra a hipoderma
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**70. Os equipos automáticos ou mecánicos indispensables para a saúde e benestar dos animais:**

- a. Inspeccionaranse polo menos unha vez ao día
- b. Se existise un sistema de ventilación artificial debe preverse un sistema de emerxencia axeitado
- c. En caso de fallo do sistema deberá existir un sistema de alarma da avaría
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**71. En Europa as normas mínimas para a protección de becerros recólleas a:**

- a. Directiva 2008/9/CE
- b. Directiva 2005/11/CE
- c. Directiva 2002/119/CE
- d. Directiva 2008/119/CE

72. **En España as normas mínimas para a protección de becerros establécense o:**

- a. RD 1047/1994
- b. RD 1048/1994
- c. RD 1049/1994
- d. RD 1049/1999

73. **A normativa relativa á protección dos becerros aplicarase a:**

- a. Todos os bovinos ata os 12 meses de idade
- b. Todos os bovinos ata que finalicen o período de lactación
- c. Bovinos ata os seis meses de idade
- d. Bovinos a partir dos seis meses de idade.

74. **Os becerros deben manterse en grupos se superan as 8 semanas de idade salvo que:**

- a. Un veterinario certifique que o becerro se debe manter illado
- b. Sexa unha granxa con menos de 6 becerros
- c. Os animais acompañen a súa nai para ser aleitados
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

75. **Non se deberá atar os becerros, con excepción dos aloxados en grupo:**

- a. Que poderán ser atados durante, como máximo, unha hora durante a lactancia
- b. As ataduras non serán inspeccionadas periodicamente
- c. As ataduras estarán deseñadas de tal forma que permitirán os movementos de deitarse, levantarse e limparse, e evitarán todo risco de estrangulación ou ferida.
- d. Son correctas as respostas “a” e “c”.

76. **Os aloxamentos individuais para becerros:**

- a. Deberán ter tabiques perforados e permitiranlles contacto visual e táctil
- b. Deberán ter tabiques lisos non perforados
- c. Non fai falla que exista contacto visual
- d. Non fai falla que exista contacto táctil.

**77. Os becerros recibirán costro:**

- a. Sempre antes das 10 primeiras horas de vida
- b. Non é obrigatorio que reciban costro
- c. Sempre antes das 6 primeiras horas de vida
- d. O costro terá que estar obrigatoriamente pasteurizado.

**78. Aos becerros pódeseles poñer bozo:**

- a. Sempre
- b. Nunca
- c. Só nas explotacións extensivas
- d. Só nas explotacións intensivas.

**79. Os becerros estabulados inspecciónanse:**

- a. 1 vez ao día
- b. 2 veces ao día
- c. 3 veces ao día
- d. Cando o gandeiro queira.

**80. Os chans nas cortes dos becerros:**

- a. Non serán ásperos
- b. Poderanse limpar e desinfectar sen dificultade
- c. Deberán dispoñer dun leite axeitado aos becerros de polo menos de dúas semanas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**81. Os becerros recibirán polo menos:**

- a. 3 racións diarias de alimentos
- b. 5 racións diarias de alimentos
- c. 6 racións diarias de alimentos
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta

82. **En Europa as normas mínimas para a protección de porcos recólleas a:**

- a. Directiva 2008/630/CE
- b. Directiva 2008/120/CE
- c. Directiva 91/120/CE
- d. Directiva 91/630/CE

83. **En España as actuais normas mínimas para a protección de porcos establéceas o:**

- a. RD 1135/2003
- b. RD 1135/2003
- c. RD 1135/2002
- d. RD 2135/2002

84. **En España a norma relativa á ordenación das explotacións cunícolas é o:**

- a. RD 1547/2007
- b. RD 15472004
- c. RD 157/2007
- d. RD 547/2000

85. **Para os efectos de benestar animal, unha femia porcina despois do primeiro parto é unha:**

- a. Porca en produción
- b. Porca en lactación
- c. Porca nova
- d. Porca.

86. **No gando porcino:**

- a. Os porcos estarán atados
- b. Os porcos non estarán atados
- c. Os porcos estarán inmovilizados con traba
- d. Ningunha resposta é correcta.

87. **Nos chans engradados de formigón para os leitóns, a anchura das aberturas non superará os:**

- a. 18 mm
- b. 14 mm
- c. 11 mm
- d. 10 mm

88. **Nos chans engradados de formigón para os leitóns destetados, a anchura das aberturas non superará os:**

- a. 14 mm
- b. 16 mm
- c. 18 mm
- d. 20 mm

89. **No interior das granxas porcinas o ruído non debe superar os:**

- a. 100 dBe
- b. 80 dBe
- c. 85 dBe
- d. 90 dBe

90. **Nas granxas porcinas os animais disporán de polo menos ao día de:**

- a. 8 horas de luz con intensidade mínima de 45 lux
- b. 10 horas de luz con intensidade mínima de 80 lux
- c. 10 horas de luz con intensidade mínima de 30 lux
- d. 8 horas de luz con intensidade mínima de 40 lux.

91. **Os porcos alimentados en grupo:**

- a. Terán sempre acceso continuo aos alimentos ad libitum
- b. Terán acceso simultáneo aos alimentos unha vez ao día como mínimo
- c. Comerán polo menos 1 vez ao día
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.



**92. No gando porcino respecto do raboteo e a redución de dentes:**

- a. Realizarse de forma rutineira
- b. Non fai falla anestesia ou sedación a partir do sétimo día de vida
- c. Modificar a carga gandeira e condicións ambientais pode previr a caudofaxia
- d. Todas as respostas anteriores están ben.

**93. A castración en verróns:**

- a. Pode ser con esgazadura sempre que existan condicións sanitarias axeitadas
- b. Pode realizarse por capadores debidamente formados a partir do 7º día de vida
- c. Debe realizarse con anestesia e analxesia adecuada a partir do 7º día de vida
- d. Debe realizala un veterinario en todos os casos.

**94. As porcas e porcas novas:**

- a. Criaranse en grupos entre as catro semanas seguintes á cubrición e os sete días anteriores á data prevista de parto
- b. Poden permanecer en gaiolas individuais durante a xestación
- c. En explotacións con menos de 10 porcas poden permanecer en aloxamentos individuais que lles permitan dar a volta
- d. As respostas “a” e “c” son correctas.

**95. As celas dos verróns permitirán:**

- a. Ulirse
- b. Verse
- c. Oírse
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**96. Unha parte da superficie do chan para os leitóns:**

- a. Permitiralles deitarse á vez
- b. Deberá ser sólida ou contará con material de protección
- c. As respostas “a” e “b” son correctas
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

97. **Aínda que existe algunha excepción, os leitóns xeralmente só se poderán destetar con:**

- a. 4 semanas ou máis
- b. 6 semanas ou máis
- c. 8 semanas ou máis
- d. 10 semanas ou máis.

98. **Respecto á cría de porcos de cebo, o uso de tranquilizantes permítese:**

- a. De forma xeneralizada
- b. Só logo da consulta ao veterinario
- c. De forma excepcional para facilitar a mestura
- d. As respostas “b” e “c” son correctas.

99. **En Europa a norma pola que se establecen as normas mínimas de protección das galiñas poñedoras é a:**

- a. Directiva 1999/4/CE
- b. Directiva 1992/4/CE
- c. Directiva 1992/12/CE
- d. Directiva 1999/74/CE

100. **En España a disposición relativa á protección de galiñas poñedoras é o:**

- a. RD 3/2008
- b. RD 3/2003
- c. RD 3/2002
- d. RD 5/2006

101. **Poderase recortar o peteiro das galiñas poñedoras:**

- a. Nas aves de todas as idades para evitar o picado de plumas e o canibalismo
- b. En todos os poliños de menos de dez días
- c. Non é necesario persoal cualificado se se realiza en poliños de menos de dez días
- d. Só en poliños de menos de dez días destinados á posta de ovos.

**102. Nas galiñas poñedoras a iluminación:**

- a. Non poderá ser natural
- b. Deberá incluír un período de escuridade de polo menos dous terzos da xornada
- c. O período de escuridade virá precedido dun período de penumbra que permita ás galiñas que se instalen sen perturbacións
- d. Seguirá un ritmo de doce horas.

**103. As explotacións avícolas de produción de ovos clasifícanse atendendo á forma de cría en:**

- a. Ecolóxica, campeira, en chan e en gaiolas
- b. Sistema extensivo en galiñeiro e galiñeiro con saída libre
- c. Granxa ao aire libre e granxa de cría en liberdade
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**104. As gaiolas acondicionadas deberán dispoñer de:**

- a. Niño colectivo con chan de rede de arame para a posta de ovos
- b. Cama dun material que permita petear e escaravellar e dispositivos adecuados de recorte de uñas
- c. Comedeiro cunha lonxitude de como mínimo de 2 centímetros, multiplicado polo número de galiñas na gaiola
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**105. En canto á súa dimensión, as gaiolas acondicionadas terán:**

- a. 750 centímetros cadrados de superficie de gaiola por galiña, e a superficie total da gaiola non poderá ser inferior a 2.000 centímetros cadrados
- b. A altura da gaiola deberá ser, como mínimo, de 20 centímetros en calquera punto
- c. Para facilitar a inspección, a instalación e a retirada de animais, as fileiras de gaiolas deberán estar separadas por corredores de 90 centímetros de largo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

106. Os sistemas alternativos diferentes do sistema de cría en gaiolas contarán con:

- a. Polo menos un niño para sete galiñas
- b. Os niños colectivos terán unha superficie de, polo menos, 1 metro cadrado para un máximo de 12 galiñas
- c. A cama deberá ocupar, cando menos, un terzo da superficie do chan
- d. Son correctas as respostas “a” e “c”.

107. En Europa a norma relativa ao rexistro de establecementos de galiñas poñedoras é a:

- a. Directiva 2008/4/CE
- b. Directiva 2002/4/CE
- c. Directiva 2002/12/CE
- d. Directiva 91/630/CE

108. En España a norma pola que se establece e regula o Rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras é o:

- a. RD 372/2003
- b. RD 372/2008
- c. RD 372/2003
- d. RD 372/2002

109. A normativa específica sobre a protección das galiñas poñedoras e condicións de cría aplicarase en:

- a. Establecementos de menos de 350 galiñas poñedoras
- b. Todas as explotacións que vendan ovos
- c. Establecementos de cría de galiñas poñedoras reprodutoras
- d. Establecementos de máis de 350 galiñas poñedoras.

**110. Deberán rexistrarse no rexistro xeral de establecementos de galiñas poñedoras:**

- a. Todos os lugares de produción nos que se manteñan galiñas poñedoras con fins comerciais, incluíndo os destinados exclusivamente á cría de galiñas poñedoras reprodutoras
- b. Todos os lugares de produción nos que se manteñan galiñas poñedoras con fins comerciais, excepto os destinados exclusivamente á cría de galiñas poñedoras reprodutoras
- c. Establecementos de menos de 350 galiñas poñedoras
- d. As respostas “b” e “c” son correctas.

**111. Para os efectos do BA, condicións de cría e instalacións, considéranse galiñas poñedoras:**

- a. As galiñas da especie Gallus gallus criadas para a produción de carne
- b. As galiñas da especie Gallus gallus criadas para a produción de ovos destinados á incubación
- c. As galiñas da especie Gallus gallus unha vez alcanzada a madurez para a posta de ovos
- d. As respostas “b” e “c” son correctas.

**112. En España a disposición relativa á ordenación da avicultura de carne é o:**

- a. RD 1084/2009
- b. RD 1084/2005
- c. RD 1088/2007
- d. RD 1084/2007

**113. Unha explotación avícola de carne de autoconsumo non comercializará animais ou a súa carne, e pode producir como máximo:**

- a. 250 kg ou equivalente de peso vivo ao ano
- b. 240 kg ou equivalente de peso vivo ao ano
- c. 210 kg ou equivalente de peso vivo ao ano
- d. 205 kg ou equivalente de peso vivo ao ano.

114. Unha explotación de ratites (aves corredoras) pode considerarse de autoconsumo:

- a. Sempre
- b. Sempre que teña autorización
- c. Nunca
- d. Se producen un máximo de 350 kg de peso vivo ao ano.

115. A normativa de avicultura de carne aplicarase a :

- a. Explotacións que manteñan aves de curral para a produción de carne
- b. Explotacións de aves cinexéticas para a solta ou repoboación
- c. Matadoiros de aves
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

116. Segundo a lexislación non se consideran “aves de curral”:

- a. As galiñas, pavos e galiñas de Guinea
- b. Os patos, gansos, pasallás e pombas
- c. Os faisáns e perdices criados para repoboacións cinexéticas
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

117. O RD de avicultura de carne prohibe en todos os casos:

- a. O recorte de peteiros
- b. A castración de aves de curral
- c. Arrincar pluma ou penuxe aos animais vivos
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

118. O deseño das explotacións construídas despois do ano 2005 permitirá a entrada de vehículos:

- a. De abastecemento de pensos
- b. De carga e descarga de animais
- c. De retirada de esterco e de animais mortos
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

**119. En todas as explotacións avícolas de carne:**

- a. Contarán cun programa sanitario incluíndo medidas de bioseguridade e de limpeza, desinfección, desratización e desinsectación das instalacións
- b. O persoal debera utilizar roupa de traballo de uso exclusivo na explotación e os visitantes, roupa de protección facilmente lavable ou dun único uso
- c. Despois do traslado ou da saída de cada manda, as unidades de produción e a ferramenta limpanse e desinfectaranse adecuadamente e manteranse un tempo de espera antes da introdución do seguinte lote de animais, de polo menos 12 días
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**120. Para garantir o benestar animal nas explotacións avícolas de carne:**

- a. O persoal encargado de coidar e manipular realizará cursos de formación en materia de benestar animal
- b. Cando os animais se manteñan en naves cerradas controlaranse diariamente as temperaturas máximas e mínimas
- c. Os animais criados no chan deberan ter acceso permanente á cama e evitarse o seu amazocamento
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**121. Nas explotacións de reprodución en sistema de cría e recría convencional de animais da especie *Gallus gallus*, as densidades máximas por metro cadrado non poderán superar:**

- a. Para explotacións con sistemas de ventilación natural: 4,7 aves.
- b. Para explotacións con sistemas de ventilación natural con refrixeración ou calefacción: 4,7 aves.
- c. Para explotacións con sistemas de ventilación forzada: 5,3 aves.
- d. Para explotacións con sistemas de ventilación forzada con refrixeración ou calefacción: 5,3 aves.

**122. Explotacións de produción e cría de carne en sistema convencional de animais da especie Gallus gallus:**

- a. En cada nave da explotación en ningún caso se poderá superar unha densidade de 30 quilos de peso vivo de animais por metro cadrado de superficie útil da nave
- b. Cando a través de sistemas mecánicos auxiliares se poida garantir o control e modificación dos parámetros ambientais, poderase permitir ata un máximo de 38 quilos de peso vivo de animais por metro cadrado
- c. A concentración de amoníaco (NH<sub>3</sub>) no aire non excedera 200 ppm
- d. A concentración de dióxido de carbono non excedera as 9000 ppm, medidos ao nivel da cabeza dos polos.

**123. Serán de aplicación, segundo o Convenio europeo de protección dos animais en explotacións gandeiras de marzo de 1976, ratificado por España, as recomendacións específicas para as explotacións de:**

- a. Pavos, aves corredoras, patos gansos e os seus cruzamentos
- b. Patos, gansos, paspallás e pombas
- c. Faisáns e perdices
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**124. Todas as aves de curral que abandonen unha explotación:**

- a. Farano en dispositivos de transporte precintados, incluídos os ovos
- b. No caso do transporte de poliños de un día de vida realizado en caixas, estas deberán ir sempre precintadas
- c. Será suficiente con precintar o dispositivo de carga do vehículo que alberga as aves no seu conxunto se este contén animais cunha única orixe e un ou varios destinos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**125. En Europa a norma pola que se establecen as disposicións mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne é a:**

- a. Directiva 2008/43/CE
- b. Directiva 2007/43/CE
- c. Directiva 2007/12/CE
- d. Directiva 2002/43/CE



126. En España a norma pola que se establecen as normas mínimas para a protección dos polos destinados á produción de carne é o:

- a. RD 692/2010
- b. RD 692/2008
- c. RD 692/2007
- d. RD 692/2002

127. As normas relativas á protección dos polos aplicaranse a:

- a. Explotacións con capacidade autorizada menor de 500 polos.
- b. Produción ecolóxica de polos
- c. Cría extensiva en galiñeiro ou cría de polos en galiñeiro con saída libre, en granxa ao aire libre ou en granxa de cría en liberdade
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

128. Os aloxamentos deberán dispoñer de iluminación:

- a. Cunha intensidade mínima de 100 lux durante os períodos de luz natural
- b. Seguirá un ritmo de 12 horas
- c. Incluirá períodos de escuridade de duración mínima de 6 horas en total
- d. Un período mínimo de escuridade ininterrompida de 6 horas, con exclusión dos períodos de penumbra.

129. Cada galiñeiro estará equipado con sistemas de ventilación e, se for necesario, de calefacción e refrixeración, de maneira que:

- a. A concentración de amoníaco ( $\text{NH}_3$ ) non sexa superior a 20 ppm e a concentración de dióxido de carbono ( $\text{CO}_2$ ) non supere as 3.000 ppm medidas ao nivel das cabezas dos polos
- b. A temperatura interior non exceda a temperatura exterior en máis de  $3^\circ\text{C}$  cando esta última, medida á sombra, supere os  $30^\circ\text{C}$
- c. A humidade relativa media dentro do galiñeiro durante 48 horas non supere o 70%, cando a temperatura exterior sexa inferior a  $10^\circ\text{C}$
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**130. En caso de densidade de poboación superior a 33 kg/m<sup>2</sup> de peso vivo:**

- a. A documentación que acompañe a manda incluíra a mortalidade diaria e a taxa de mortalidade diaria acumulada
- b. O titular ou criador comunicarllo á autoridade competente polo menos 15 días antes da instalación da manda no galiñeiro
- c. No matadoiro o veterinario oficial avaliará os resultados da inspección posmortem co obxecto de determinar posibles indicacións de malas condicións de benestar, como niveis anormalmente altos de dermatite de contacto, parasitismo e enfermidades sistémicas
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**131. O titular ou criador manterá e terá dispoñible no galiñeiro a seguinte documentación:**

- a. Un plano do galiñeiro sen necesidade de especificar a superficie ocupada polos polos
- b. Datos técnicos sobre os sistemas de alarma e os sistemas auxiliares no caso de fallo de calquera equipamento automático ou mecánico esencial para a saúde e o benestar dos animais.
- c. Tipo de chan e de cama que se utiliza normalmente
- d. As respostas “b” e “c” son correctas.

**132. O Real decreto que establece e regula o rexistro xeral das explotacións gandeiras (REGA, en castelán) é o:**

- a. RD 479/2004
- b. RD 479/2005
- c. RD 25/2004
- d. RD 82/2006

**133. O REGA é aplicable a:**

- a. Animais de compañía
- b. Animais domésticos e silvestres
- c. Animais de produción
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

134. **O REGA non se aplica a:**

- a. Búfalos
- b. Bisontes
- c. Rodaballos
- d. Xabarís silvestres.

135. **O REGA aplícase a:**

- a. Visón e raposo vermello peleteiros
- b. Londra e chinchilla peleteiras
- c. Crustáceos (Subfilumcrustacea)
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

136. **O REGA aplícase a:**

- a. Explotacións de ocio nas que se manteñen, con carácter permanente, animais con finalidades de esparexemento
- b. Explotacións de ensinanza nas que se manteñen, con carácter permanente, animais con finalidades didácticas
- c. Explotacións de investigación nas que se manteñen, con carácter permanente, animais de produción para a experimentación científica
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

137. **Segundo o REGA son centros de sacrificio domiciliarios:**

- a. Centros de sacrificio de porcino de autoconsumo
- b. Centros de sacrificio de bovinos de autoconsumo
- c. Centro de sacrificio de peixes de autoconsumo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

138. **Segundo o REGA unha praza de touros é:**

- a. Unha explotación
- b. Un centro de corentena
- c. Un centro de concentración de animais
- d. Non é unha explotación, aínda que se lle asigne un código REGA temporal.

139. Segundo o REGA os pastos constitúen:

- a. Unha explotación
- b. Quedan á marxe da explotación ao carecer das instalacións de estabulación
- c. Un centro de concentración temporal de animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

140. En España o número de díxitos de identificación dunha explotación (código REGA) é de:

- a. 12
- b. 10
- c. 11
- d. 15

141. A norma europea pola que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores no marco da PAC é o:

- a. Regulamento (UE) nº 73/2013
- b. Regulamento (UE) nº 73/2009
- c. Regulamento (UE) nº 1307/2009
- d. Regulamento (UE) nº 1307/2013

142. A norma española que establece os requisitos que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da PAC é o:

- a. RD 486/2009
- b. RD 485/2009
- c. RD 486/2011
- d. RD 486/2008

143. Segundo o principio de condicionalidade os gandeiros que reciban pagamentos directos no marco da PAC deben cumprir:

- a. Boas prácticas agrarias e ambientais
- b. Requisitos legais de xestión no ámbito do benestar animal e identificación
- c. A obriga de notificación de enfermidades de declaración obrigatoria
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

144. Os incumprimentos da condicionalidade segundo a normativa clasifícanse en:

- a. Intencionados e non intencionados
- b. Intencionados e negligencias
- c. Intencionados e faltas graves
- d. Intencionados e de infracción dolosa.

145. Os incumprimentos da condicionalidade avalíanse en función de:

- a. 4 criterios
- b. Gravidade, persistencia (duración no tempo)
- c. Alcance e repetición
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

146. A redución de pagamentos directos por unha negligencia está nun rango entre o:

- a. 5% e o 15%
- b. 5% e o 10%
- c. 5% e o 20%
- d. As negligencias non supoñen redución dos pagamentos directos.

147. A directiva 2010/63/UE relativa á protección dos animais destinados a fins experimentais entrará en vigor a partir do:

- a. 01/01/2013
- b. 31/12/2012
- c. 01/01/2014
- d. 01/01/2015

148. En España a disposición actualmente vixente relativa á protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos é o:

- a. RD 1201/2007
- b. RD 1201/2005
- c. RD 53/2005
- d. RD 53/2013

**149. Son infraccións moi graves:**

- a. Provocar, facilitar ou permitir a saída dos animais de experimentación ou outros fins científicos do centro ou establecemento, sen autorización por escrito do responsable deste, cando dea lugar á morte do animal ou cree un risco grave para a saúde pública
- b. Utilizar cans ou gatos vagabundos en procedementos
- c. Iniciar ou levar a cabo procedementos en condicións distintas das incluídas na autorización do proxecto, cando se utilicen primates non humanos, animais de especies ameazadas, capturados na natureza, vagabundos ou asilvestrados
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**150. No proceso de autorización de proxectos o vencemento do prazo máximo para resolver, sen notificarse resolución expresa ao interesado, entenderase como:**

- a. Silencio administrativo negativo en todos os casos
- b. Silencio administrativo positivo en todos os casos
- c. Silencio administrativo positivo, cando xa ten a avaliación favorable esixida
- d. Se o centro está rexistrado non é necesaria a avaliación e autorización dos novos procedementos e proxectos.

**151. Antes do inicio da súa actividade, deben estar autorizados ou inscritos no correspondente rexistro administrativo:**

- a. Os centros ou establecementos destinados ao uso de animais para a experimentación ou outros fins científicos
- b. Os centros ou establecementos destinados á cría e subministración de animais utilizados para a experimentación ou outros fins científicos
- c. Non é preciso a autorización dos centros destinados ao uso de animais de experimentación para a docencia
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

152. **Considéranse procedementos en experimentación animal:**

- a. Os métodos de sacrificio humanitario
- b. Os métodos de identificación
- c. Son correctas as respostas “a” e “b”
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

153. **Na actualidade nos animais dedicados á experimentación, a persoa que decide o final dun procedemento se un animal se sacrifica ou non é:**

- a. Persoal da categoría C
- b. Persoal da categoría B
- c. Persoal da categoría A
- d. Persoal da categoría D (D2)

154. **Os centros de experimentación animal dispoñerán dun especialista en:**

- a. Benestar animal
- b. Saúde animal
- c. Asesoría xurídica (normativa no BA)
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

155. **Aos ratos gústalles vivir:**

- a. En grupos de gran tamaño
- b. En grupos de pequeno tamaño
- c. De forma individual ou en parella
- d. De forma individual sempre que sexan en gaiolas enriquecidas.

156. **O xerbo é:**

- a. Monógamo
- b. Polígamo
- c. Poliándrico
- d. Promiscuo.

**157. Son elementos de enriquecimiento ambiental para os animais de experimentación:**

- a. Os dispositivos artificiais
- b. As actividades en busca de alimentos
- c. Os conxéneres sociais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**158. Un animal convencional agnotobiótico necesita:**

- a. Encontrarse nunha zona protexida
- b. Illado
- c. Sedado
- d. Non necesita ningunha precaución particular.

**159. Considéranse signos de dor determinadas vocalizacións como:**

- a. Os berros
- b. Os laios
- c. Os gruñidos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**160. O método de Morton e Griffiths para determinar o sufrimento contempla como variables:**

- a. O peso corporal
- b. O comportamento agonista
- c. A invasividade
- d. Son correctas as respostas "a" e "b".



161. **En Galicia, a lei que regula a protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro é a:**

- a. Lei 10/1994
- b. Lei 1/2003
- c. Lei 1/1993
- d. Lei 8/1990

162. **Considérase infraccións leves:**

- a. O maltrato dos animais que lles cause dor ou lesións.
- b. O abandono dos animais
- c. A doazón de animais de compañía como premio
- d. As respostas “a” e “b” son correctas.

163. **Son infraccións moi graves:**

- a. O maltrato dos animais que lles cause a morte
- b. A venda de animais con enfermidade infectocontaxiosa coñecida
- c. A venda de animais para experimentación sen autorización
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

164. **Son infraccións graves:**

- a. A venda, doazón ou cesión de animais a menores de 14 anos ou incapacitados
- b. A non vacinación ou non tratamento obrigatorio dos animais
- c. A cría ou comercialización de animais sen cumprir os requisitos correspondentes
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.

165. **Unha infracción moi grave pode ser sancionada con:**

- a. Peche definitivo dos establecementos.
- b. A incautación dos animais
- c. A prohibición permanente do exercicio de actividades comerciais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

166. **O conselleiro/a do Medio Rural e do Mar impón sancións ás faltas:**

- a. Graves
- b. Leves
- c. Moi graves
- d. Todo tipo de faltas.

**167. O Decreto 153/1998 regula:**

- a. A celebración de concursos e exposicións
- b. O Rexistro das Asociacións de Protección e Defensa dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade
- c. Funcións e composición do Consello Galego de Protección dos Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**168. Considéranse animais de compañía:**

- a. Animais salvaxes que, sendo libres pola súa condición, foron capturados no medio natural e conviven co home no seu fogar, manténdose nun grao absoluto e permanente de dominación
- b. Tanto os animais domésticos como salvaxes cando non vivan no medio natural
- c. Os animais domésticos que se crían xeralmente no propio fogar co obxecto de obter a súa compañía
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**169. O Decreto 153/1998 non establece como obrigas dos posuidores de animais:**

- a. Recoller os excrementos que os animais depositen nas beirarrúas, vías e espazos públicos de zonas urbanas
- b. Proporcionar a alimentación, a auga e os coidados que estean en consonancia coas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas do animal
- c. Facilitarlle un aloxamento que deberá proporcionarlles un ambiente adecuado, cómodo e hixiénico
- d. Adoptar as medidas necesarias para que o animal poida acceder libremente ás vías e espazos públicos ou privados.

**170. Un animal considérase legalmente abandonado cando:**

- a. No prazo de 30 días da súa captura non é reclamado por ninguén que acredite ser o seu dono
- b. Carece de identificación
- c. Encóntrase nun centro de recollida de animais abandonados á espera de ser identificado polo seu dono durante unha semana
- d. Pasaron 20 días dende a súa captura sen ser reclamado por quen acredite a súa relación posesoria.

**171. Consonte á norma galega de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, cando un animal abandonado sexa identificado:**

- a. Avisarase o propietario e este terá un prazo máximo de 10 días para recuperalo
- b. Avisarase o propietario e este terá un prazo máximo de 15 días para recuperalo
- c. Avisarase o propietario e este terá un prazo máximo de 20 días para recuperalo
- d. Non é obrigatorio avisar ao propietario, que ten un prazo de 20 días para recuperalo.

**172. Os posuidores de animais de especies ameazadas de fauna (CITES):**

- a. Censarán os animais no prazo máximo de 3 meses dende a data de adquisición
- b. Censarán os animais no prazo máximo de 1 mes a partir da data de nacemento
- c. Comunicarán o cambio de titularidade no prazo máximo 1 mes
- d. Comunicarán o cambio de titularidade no prazo máximo 3 meses.

**173. Queda prohibido:**

- a. A utilización de animais en pelexas, festas, espectáculos que leven consigo maltrato, crueldade ou sufrimento
- b. A filmación ou realización de escenas para cine ou televisión que recolla escenas de crueldade, maltrato ou sufrimento de animais, salvo autorización expresa
- c. A utilización de substancias farmacolóxicas para modificar o comportamento natural dos animais que se utilizan para o traballo fotográfico ou publicitario
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**174. Non será necesario a inscrición no Rexistro de Establecementos de Animais Domésticos e Salvaxes en Catividade de Galicia para:**

- a. Tenza de animais autóctonos ou exóticos, legalmente adquiridos, para uso exclusivamente familiar
- b. Tendas de animais e centros para o acicalamento de animais
- c. Particulares que realicen periodicamente venda de crías
- d. Establecementos veterinarios.

**175. É obrigatoria a presentación dunha comunicación previa, dirixida ao departamento territorial da Consellería competente en materia de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade para:**

- a. Establecementos que alberguen 6 cans maiores de 6 meses
- b. Establecementos que alberguen 10 cans maiores de 3 meses
- c. Establecementos que alberguen máis de 5 cans maiores de 3 meses ao aire libre
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**176. Os establecementos veterinarios, os centros de acicalamento e coidado e as residencias caninas e felinas antes do inicio da actividade:**

- a. Deberán ser autorizados pola autoridade competente
- b. Deberase presentar unha comunicación no departamento territorial da Consellería competente
- c. A falsidade ou a non presentación dunha memoria descritiva da actividade e instalacións non impedirá continuar coa actividade dos establecementos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**177. Deberán contar con autorización previa ao inicio da actividade para a súa inscrición na sección de establecementos dedicados ao fomento de animais domésticos ou salvaxes en catividade:**

- a. Tendas de animais, centros de cría e centros de importación de animais
- b. As persoas particulares que realicen periodicamente venda de crías de animais
- c. Zoos de circos radicados en Galicia
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

**178. Os establecementos rexistrados deberán realizar unha desinfección, desinsectación e desratización a fondo dos locais e material en contacto cos animais:**

- a. Unha vez por ano
- b. Sempre que sexa necesario e, polo menos, unha vez cada seis meses
- c. Sempre que sexa necesario e, polo menos, unha vez por semana
- d. Todos os días.

**179. Todos os establecementos onde se aloxen temporal ou definitivamente animais estarán obrigados a levar un libro oficial de rexistro:**

- a. Onde se especifique obrigatoriamente a data de inscrición e a procedencia
- b. Especie, raza e, se é o caso, identificación individual ou por lotes en función da especie
- c. Deberá presentarse nas delegacións da Consellería para a dilixencia de apertura e selado
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**180. Non se poden transportar:**

- a. Os animais enfermos ou feridos para someterse á atención e tratamento veterinarios
- b. Os animais levemente feridos ou enfermos
- c. Animais enfermos ou feridos para someterse a un sacrificio de urxencia
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

**181. Queda expresamente prohibida:**

- a. A entrada e permanencia de animais, menos os animais de compañía, en locais destinados á fabricación, venda e almacenaxe de alimentos
- b. A presenza de animais nas piscinas públicas durante a temporada de baños
- c. A entrada de cans de cego en locais destinados a espectáculos públicos deportivos e culturais
- d. Todas as respostas anteriores son falsas.

**182. Os concellos:**

- a. Facilitarán os medios e espazos adecuados para que os animais poidan realizar as súas funcións fisiolóxicas nas debidas condicións hixiénicas
- b. Encargaranse da recollida de animais abandonados con medios propios ou a través de convenios
- c. Poderán limitar ou prohibir as zonas e horas en que poderán circular ou permanecer os cans e outros animais sobre os parques, praias e outros espazos públicos
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**183. Nas vías públicas, os cans irán provistos de:**

- a. Sempre con bozo
- b. Cadea ou correa
- c. Colar con identificación do propietario
- d. As respostas “b” e “c” son correctas.

**184. Cando un animal ataque unha persoa:**

- a. As persoas que sufran agresións non poderán solicitar ao propietario ou posuidor a identificación do animal agresor
- b. Os propietarios ou posuidores de animais agresores unicamente están obrigados a facilitar os datos correspondentes á policía ou á garda civil
- c. Os sanitarios ou os centros que atendan os agredidos teñen obriga de denunciar a agresión
- d. As denuncias de agresións só as poden presentar as persoas agredidas

**185. A norma galega que regula os cursos de formación en materia de benestar animal é o:**

- a. Decreto 60/2009
- b. Decreto 69/2007
- c. Decreto 60/2007
- d. Decreto 60/1997

186. **Para a obtención da acreditación de formación en materia de benestar animal para condutores/as e coidadores/as de vehículos, persoal das granxas e centros de concentración é preciso:**

- a. A realización dun curso cunha duración mínima de 10 horas
- b. Asistir cando menos ao 75% das horas lectivas
- c. A realización dunha proba de actitude ao remate do curso
- d. A asistencia ao 100% das horas lectivas e superar a proba de actitude.

187. **O Comité de Bioética da Consellería do Medio Rural e do Mar:**

- a. Ten como misión avaliar os aspectos éticos que suscita a investigación científica, nos aspectos referentes á protección dos animais utilizados na experimentación
- b. Créase en setembro de 2009
- c. Créase en setembro de 2006
- d. As respostas "a" e "c" son correctas.

188. **En Galicia, a norma que regula protección dos animais utilizados para a experimentación e outros fins científicos é o:**

- a. Decreto 296/2008
- b. Decreto 96/2002
- c. Decreto 26/2009
- d. Decreto 29/2006

189. **As teorías deontolóxicas afirman que:**

- a. Os animais teñen dereitos
- b. Os animais teñen moral
- c. Os homes teñen deberes cos animais
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

190. **O fundador do utilitarismo foi:**

- a. John Mills
- b. Descartes
- c. Jeremy Bentham
- d. George Orwell.

191. **A teoría dos animais máquinas débese a:**

- a. Descartes
- b. John Mills
- c. Toulouse Lautrec
- d. Cantimpre.

192. **O informe Brambell é do ano:**

- a. 1966
- b. 1965
- c. 1964
- d. 1968

193. **O concepto “suxeito dunha vida”:**

- a. Englóbese na aproximación aos dereitos dos animais
- b. Débese a Tom Regan
- c. Son correctas as respostas “a” e “b”
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

194. **A aproximación á ética simple é unha corrente filosófica:**

- a. Afín ao especismo
- b. Antiespecista
- c. Racista
- d. Positivista.

195. **O abolicionista máis destacado a nivel mundial é:**

- a. Gary Francione
- b. Tom Regan
- c. Helmut Kaplan
- d. Richard Ryder.



196. **O principio de igualdade de consideración entre seres vivos e de igualdade de trato:**

- a. Débese a Peter Singer
- b. É parte da teoría da aproximación ao padecemento
- c. Son correctas as respostas “a” e “b”
- d. Ningunha das respostas anteriores é correcta.

197. **O principio de ecoloxía profunda débese a:**

- a. Arne Naess
- b. Paul Taylor
- c. Ted Bentam
- d. Úrsula Wolf

198. **Cales son os enfoques correctos do BA:**

- a. Antropocéntrico: as accións sobre os animais reflíctense no consumo dos seus produtos polos homes
- b. Biocéntrico: respecto dos animais polo seu valor intrínseco
- c. Patocéntrico: se un ser vivo sente tamén pode sufrir
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

199. **As siglas GIR correspóndense co:**

- a. Grupo de investigación e desenvolvemento
- b. Grupo internacional de benestar
- c. Grupo de investigación interservizos
- d. Grupo do panel AHAW.

200. **Os enfoques do BA son:**

- a. Ciencia, ética e solidariedade
- b. Ciencia, ética e coñecemento
- c. Ciencia, ética e lexislación
- d. Ciencia, solidariedade e lexislación.

201. **As aproximacións ao concepto do BA son:**

- a. Estatus físico, químico e mental
- b. Estatus físico e químico
- c. Estatus físico, mental e naturalidade
- d. Estatus mental e natural.

202. **O concepto de autonomía aplicado ao BA débese a:**

- a. Tom Regan
- b. Gary Francione
- c. Peter Singer
- d. Konrad Lorenz.

203. **O enfoque normativo óptimo do BA débese basear en:**

- a. Unha mestura de lexislación e normas voluntarias
- b. Normas de natureza ética unicamente
- c. Normas legais e particulares
- d. Todas as respostas son correctas.



galicia



XUNTA  
DE GALICIA